

Dona Carmen Pomar Tojo

Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

Dende **CONFAPA Galicia**, preocupados pola actual situación de confinamento dos nosos fillos e fillas e polo proceso educativo a distancia que están desenvolvendo, quixemos ter unha visión en primeira persoa das dificultades e atrancos que a actual conxuntura provoca na vida cotiá das familias, na súa capacidade de conciliar, no peso que o proceso educativo non presencial está descargando sobre os pais, ou os recursos dos que dispoñen as familias para poder asumir a devandita carga.

Para este propósito pedímos ás familias a súa participación nunha enquisa, que grazas á masiva participación tivo máis de 6200 respostas ate este mércores día 1 de abril. Tendo en conta a poboación escolar de Galicia en centros públicos no ámbito da enquisa, a mostra constitúe un 10% da poboación. Deses datos, extráense conclusións extraordinariamente valiosas para termos unha opinión cunha base real da paisaxe que se está a vivir en primeira persoa. As conclusións máis importantes que queremos destacar da enquisa son as seguintes:

- **O precepto constitucional da educación universal non se está a cumprir.** Case un **30%** de familias **non teñen** un acceso a redes que lles permita desenvolver unha educación non presencial coas condicións mínimas de bidireccionalidade que se necesitan para que a transmisión de coñecemento sexa factible.
- **A presión sobre as familias en termos de conciliación é extraordinaria.** Un **37%** de alumnos **non dispoñen de estancia propia** na vivenda para poder desenvolver o seu traballo cotián, e teñen que empregar os espazos comúns (onde se almorza, ou se xoga ou se convive). Un **63%** de familias teñen que **compartir o único ordenador dispoñible**, que vale para teletraballar, para asistir a clase (cando se dan clases a través de plataformas específicas) e para facer os deberes que se lles envían aos alumnos. A enquisa tamén sinala que na gran maioría de casos as familias están suplindo ao profesor, pois os alumnos necesitan axuda para desenvolver os contidos que reciben.
- **A disparidade de ferramentas, canles, e contidos** que se empregan nesta situación por parte dos centros é inmensa, e mesmo entre profesores dun mesmo curso académico do mesmo centro. As familias están abocadas a consultar todo tipo de canles, **sen unha mínima estrutura nin organización**. A práctica totalidade de recursos e ferramentas son unidireccionais, é dicir, envíanse contidos sen interacción co alumno, e recíbense resultados. En moitos casos sen obter ningunha guía sobre se o que se está facer está correcto ou non. As canles máis usadas con moita diferenza son o **correo electrónico** e o **taboleiro do web do centro**, que é un medio estático que hai que consultar todos os días. Tamén se emprega masivamente as **redes sociais** como Instagram, Whatsapp ou semellantes. A este respecto temos que recordar que a Lei de protección de datos persoais impide a menores de 14 anos asinar contratos de prestación de servizos sen o consentimento paterno.
- Igualmente, a enquisa desvela que preto dun **43%** de alumnos están recibindo **materia nova** e outro **22%** están sendo **avaliados**, aínda que a instrución da Consellería de Educación era clara ao respecto, e se comunicou en varias ocasións que este tramo non sería avaliable e que os contidos non deberían ser sobre a materia dada.
- A carga de traballo no alumnado está sendo diversa, pero nos niveis educativos superiores a gran maioría de alumnos emprega **máis de 5 horas ao día** para desenvolver a educación non presencial. Tendo en conta todo o que estamos a sinalar sobre os recursos familiares tanto técnicos como persoais, trátase dun esforzo desproporcionado e ilóxico, pois non se pode comparar unha hora de docencia nun espazo preparado para iso e da man do profesorado

cunha hora de traballo nun espazo non adaptado a esa tarefa, coa supervisión paterna e nunha situación de estrés derivada do confinamento, a falta de liberdade, e a angustia pola situación familiar e social que se lles traslada tamén aos nosos fillos.

- Os **alumnos con necesidades de apoio** ou de **necesidades educativas especiais** son os **grandes esquecidos** deste proceso, pois en moitos casos nin os pais teñen coñecementos suficientes para suplir o traballo do profesorado específico, nin tampouco as ferramentas docentes que se están a empregar son as axeitadas para garantir o dereito deste alumnado a unha educación inclusiva.

Ao abeiro dos datos, dende **CONFAPA Galicia** queremos:

RESALTAR:

1. A pesar do comentado, **non hai un rexeitamento social** sobre o proceso de educación a distancia nas circunstancias actuais, sempre que se cumpran unha serie de demandas: o emprego de plataformas específicas de teleformación, a adaptación de metodoloxías, contidos e ferramentas, a posta a disposición das familias de recursos técnicos suficientes e das medidas de conciliación necesarias para que o proceso educativo se produza de xeito equiparable ao da educación presencial.
2. Como dixemos antes, o actual desenvolvemento deste período de educación non presencial **non cumpre** cos preceptos constitucionais de **universalidade**, nin tampouco coa necesaria igualdade de oportunidades. Máis ben, a actual situación afonda na brecha entre as familias que teñen recursos e coñecemento e as que non dispoñen de bens tecnolóxicos ou acceso a redes, ou as familias que carecen de formación e coñecementos para colaborar no proceso pedagóxico dos seus fillos.

MANIFESTAR:

Que de cara á finalización do curso escolar no terceiro trimestre, entendemos que **nestas circunstancias é imposible facer unha avaliación** cun mínimo de xustiza do desenvolvemento pedagóxico do alumnado, mentres as circunstancias anteriormente sinaladas non se corrixan. Dende CONFAPA Galicia **estamos en contra** de que o remate do curso se produza nesas circunstancias.

ESIXIR:

Que **CONFAPA Galicia**, como representante maioritario das familias da educación pública na nosa comunidade, **está presente** en todos os órganos nos que se tomen as decisións sobre a continuidade do curso escolar 2019-20 e dos vindeiros, e que **calquera decisión conte co visto e prace** das familias. Isto é o mínimo esixible nunha situación como a que estamos vivindo, máis cando están sendo as familias as que están realizando o esforzo maioritario do proceso educativo que lle corresponde á Administración.

O peche deste curso escolar debe ser un traballo de consenso entre a Consellería de Educación e as familias.

Rogelio Carballo Solla

Presidente de CONFAPA Galicia